

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que se recibiu neste Servicio un escrito de D. Ramón Morgade Pazos, en calidade de presidente da Xunta de Montes de Vilameá, con data 24 de novembro de 1997, solicitando a transformacion en convenio dos montes "Comunal de Tamicelas" (OR-2093) e "Touza" (OR-2020) na parte correspondente a Vilameá.

2º.- Que se achega certificación do secretario da comunidade D. Miguel Campos Amado na que se fai constar que en asemblea xeral, con data 19 de novembro de 1997, se tomou o acordo de inicia-los trámites para a suscripción do convenio.

3º.- Que o monte veciñal en man común de Seixadelo e Carballeiras que se quere conveniar componse de 372,50 ha. das que 285 ha. constitúen unha parte das 1.323,60 ha. que forman o consorcio do monte "Comunal de Tamicelas" (OR-2093), e 87,50 ha. que constitúen unha parte das 687,90 ha. que forman o consorcio do monte "Touza" (OR-2020).

4º.- Que en sesión do 25 de marzo de 1976, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar ó monte de "Xeixadelo e Carballeiras" a favor dos veciños de Vilameá, do termo municipal de Laza, sendo firme o acordo ó non haber reclamacións presentadas en prazo.

5º.- Que os traballos de repoboación imputables ó monte "Comunal de Tamicelas" e "Touza" comezaron no ano 1955 e 1948 respectivamente.

6º.- Que o estado de contas do monte "Comunal de Tamicelas" (OR-2093) na parte correspondente ós veciños de Vilameá, é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "COMUNAL DE TAMICELAS" (OR-2093) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE VILAMEÁ.

6.1.- ATA O 25 DE MARZO DE 1976.

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio:	12.040.669.-ptas.
Pasados ó M. de Navallo 3215589	695.255.-ptas.
Pasados ó M. de Lama de Mazaira 32155125	<u>4.878.513.-ptas.</u>
Resulta un saldo do monte	6.466.901.-ptas.

Corresponden ós veciños de Vilameá:

- Traballos: 6.466.901.-ptas. x 285 ha./1.323,60 ha.	1.392.465.-ptas.
- Gardería: 565 ptas./ha. x 285 ha.	161.025.-ptas.
- Administración: 7,85% s/1.392.465.-ptas.	<u>109.308.-ptas.</u>
TOTAL GASTOS	1.662.798.-ptas.

- INGRESOS:

Corresponde a monte clasificado para Vilameá:

- Aproveitamentos madeirables	0.-ptas.
- Condonación débeda Lei 13/89	<u>1.662.798.-ptas.</u>
TOTAL INGRESOS	1.662.798.-ptas.

Resulta un saldo CERO PESETAS na data da clasificación.

6.2.- DESDE O 25 DE MARZO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1994

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio:	39.533.618.-ptas.
Pasados ó M. de Navallo 3215589	2.282.762.-ptas.
Pasados ó M. Lama de Mazaira 32155125	<u>15.888.450.-ptas.</u>
Resulta un saldo no monte	21.362.408.-ptas.

Corresponde ós veciños de Vilameá:

- Traballos: 21.362.408 x 285 ha./1.323,60 ha.	4.599.793.-ptas.
- Gardería: 840.-ptas. /ha. x 285 ha.	239.400.-ptas.
- Administración: 7,85% s/4.599.793.-ptas.	<u>361.084.-ptas.</u>
TOTAL GASTOS	5.200.277.-ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totais do Consorcio:	17.421.242.-ptas.
Pasados ó M. de Navallo 3215589	1.005.942.-ptas.
Pasados ó M. de Lama de Mazaira 32155125	<u>7.058.558.-ptas.</u>
Resulta un saldo no monte:	9.356.742.-ptas.

Corresponden ós veciños de Vilameá:

- Aproveitamentos madeirables:

9.356.742.-ptas. x 285 ha./1.323,6 ha.

2.014.711.-ptas.

TOTAL INGRESOS

2.014.711.-ptas.

RESULTA UN SALDO DA CONTA DO MONTE "COMUNAL DE TAMICELAS" (OR-2093) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE VILAMEÁ NO PERÍODO 1976-1993.

G - I = 5.200.277.-ptas. - 2.014.711.-ptas. = 3.185.566.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.

6.3. DESDE O 1 DE XANEIRO DE 1994 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1997

- GASTOS:

<u>ANO</u>	<u>INVESTIMENTO</u>	<u>COFINANCIACIÓN U.E.</u>	<u>INVESTIMENTO COMPUTABLE</u>
1994	8.849.705.-ptas.	(72,5%) 6.416.036.-ptas.	2.433.669.-ptas.
1995	8.048.288.-ptas.	(72,5%) 5.835.009.-ptas.	2.213.279.-ptas.
1996	73.662.-ptas.	(72,5%) 53.405.-ptas.	20.257.-ptas.
1997	4.901.535.-ptas.	(72,5%) 3.553.613.-ptas.	1.347.922.-ptas.
TOTAL	21.873.190.-ptas.	15.858.063.-ptas.	6.015.127.-ptas.

Gastos totais:	6.015.127.-ptas.
Pasados ó M. Navallo 3215589	140.526.-ptas.
Pasados ó M. Lama de Mazaira 32155125	<u>2.526.071.-ptas.</u>
Resulta un saldo no monte:	3.348.530.-ptas.

Corresponde ós veciños de Vilameá:

- Traballos: 3.348.530.-ptas. x 285 ha./1.323,60 ha.	721.012.-ptas.
- Gardería: 170.-ptas./ha. x 1323,6 ha.	225.012.-ptas.
- Administración: 7,85% s/ 721.012.-ptas.	<u>56.599.-ptas.</u>

TOTAL GASTOS

1.002.623.-ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totais do Consorcio:	11.900.-ptas.
Pasados ó M. de Navallo 3215589:	687.-ptas.
Pasados ó M. de Lama de Mazaira 32155125	<u>4.822.-ptas.</u>
Resulta un saldo de:	6.391.-ptas.

Corresponde os veciños de Vilameá:

- Aproveitamentos madeirables:

6.391.-ptas. x 285 ha./1.323,6 ha.

1.376.-ptas.

TOTAL INGRESOS

1.376.-ptas.

O SALDO DA CONTA DO MONTE "COMUNAL DE TAMICELAS" (OR-2093) NO PERÍODO 1994-1997 NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE VILAMEÁ É DE:

G - I = 1.002.623.-ptas. - 1.376.-ptas. = 1.001.247.-PTAS. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

6.4.- O SALDO TOTAL DO MONTE "COMUNAL DE TAMICELAS" (OR-2093) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE VILAMEÁ É DE:

ANO 1955 - 1976 = 0.-ptas.

ANO 1976 - 1993 = 3.185.566.-ptas.

ANO 1994 - 1997 = 1.001.277.-ptas.

TOTAL 4.186.843.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

7º.- Que o estado de contas do monte "Touza" (OR-2020) na parte correspondente a Vilameá é:

7.1. ATA O 25 DE MARZO DE 1976

- GASTOS:

Totais do consorcio 12.949.527.-ptas.

Pasados ó "M. Touza" 32155583 3.847.720.-ptas.

Pasados ó "M. Touza" 32155111 5.801.088.-ptas.

Resulta un saldo no monte: 3.300.179.-ptas.

Corresponde ós veciños de Vilameá.

- Traballos: 3.300.719.-ptas. x 87,50 ha./ 687,90 ha. 419.847.-ptas.

- Gardería: 630.-ptas./ha. x 87,50 ha. 55.125.-ptas.

- Administración: 7,85% s/ 419.847.-ptas. 32.958.-ptas.

TOTAL GASTOS

507.930.-ptas.

-INGRESOS:

Totais do consorcio 1.403.771.-ptas.

Pasados ó "M. Touza" 3215583 680.066.-ptas.

Pasados ó "M. Touza" 32155111 461.257.-ptas.

Resulta un saldo no monte de: 262.448.-ptas.

Corresponde ós veciños de Vilameá:

Aproveitamentos madeirables:

262.448 x 87,50/ 687,90 =

Condonación débeda Lei 13/89

33.383.-ptas.

474.547.-ptas.

TOTAL INGRESOS

507.930.-ptas.

RESULTA UN SALDO DE CERO PESETAS NA DATA DE CLASIFICACIÓN.

7.2. DESDE O 25 DE MARZO DE 1976 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1993.

- GASTOS:

Totais do consorcio:

69.680.688.-ptas.

Pasados ó "M. Touza" 3215583

20.704.366.-ptas.

Pasados ó "M. Touza" 32155111

31.215.337.-ptas.

Resulta un saldo no monte

17.760.985.-ptas.

Corresponde ós veciños de Vilameá:

- Traballos: 17.760.985.-ptas. x 87,50 / 687,90

2.259.174.-ptas.

- Gardería: 840.-ptas. x 87,50 ha.

73.500.-ptas.

- Administración: 7,85% s/2.259.174.-ptas.

177.345.-ptas.

TOTAL GASTOS

2.510.019.-ptas.

- INGRESOS:

Totais do consorcio:

42.229.934.-ptas.

Pasados ó "M. Touza" 3215583

12.547.867.-ptas.

Pasados ó "M. Touza" 32155111

18.918.034.-ptas.

Resulta un saldo no monte

10.764.033.-ptas.

Corresponde ós veciños de Vilameá:

Aproveitamentos madeirables:

10.764.033 x 87,50 ha./687,90 ha.=

1.369.171.-ptas.

TOTAL INGRESOS

1.369.171.-ptas.

Resulta un saldo no monte "Touza" (OR-2020) na parte correspondente ós veciños de Vilameá no período 1976-1993 de:

G - I = 2.510.019.-ptas. - 1.369.171.-ptas. = 1.140.848.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

7.3. DESDE O 31 DE DECEMBRO DE 1993 ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1997.

- GASTOS:

<u>ANO</u>	<u>INVESTIMENTO</u>	<u>COFINANCIACIÓN U.E.</u>	<u>INVESTIMENTO COMPUTABLE</u>
1994	6.515.575.-ptas.	(72,5%) 4.723.792.-ptas.	1.791.783.-ptas.
1995	4.957.789.-ptas.	(72,5%) 3.594.397.-ptas.	1.363.392.-ptas.
1996	0.-ptas.	(72,5%) 0.-ptas.	0.-ptas.
1997	0.-ptas.	(72,5%) 0.-ptas.	0.-ptas.
TOTAL	11.473.364.-ptas.	8.318.189.-ptas.	3.155.175.-ptas.

Gastos totais 3.155.175.-ptas.

Pasados ó M. 3215583 523.396.-ptas.
 Pasados ó M. 32155111 1.671.643.-ptas.
 Resulta un saldo no monte 951.136.-ptas.

Corresponde ós veciños de Vilameá:

- Traballos: 951.136 x 87,5 ha./ 687,90 ha. 120.983.-ptas.
 - Gardería: 225.-ptas. /ha. x 87,5 ha. 19.687.-ptas.
 - Administración: 7,85% s/ 120.983.-ptas. 9.497.-ptas.
TOTAL GASTOS 150.167.-ptas.

- INGRESOS:

Ingresos totais do Consorcio 4.716.928.-ptas.

Pasados ó M. de Navallo 3215583 251.805.-ptas.
 Pasados ó M. 32155111 2.205.161.-ptas.
 Resulta un saldo no monte 2.259.962.-ptas.

Corresponde ós veciños de Vilameá:

- Aproveitamentos madeirables:
 2.259.962.-ptas. x 87,5 ha./ 687,90 ha. 287.464.-ptas.

RESULTA UN SALDO NO "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE VILAMEÁ NO PERÍODO 1994-1997 DE:

G - I = 150.167.-ptas. - 287.464.-ptas.= 137.297.-PTAS. A FAVOR DOS VECIÑOS DE VILAMEÁ.

7.4. O SALDO TOTAL DO MONTE "TOUZA" (OR-2020) NA PARTE CORRESPONDENTE ÓS VECIÑOS DE VILAMEÁ É DE:

ANO 1948 - 1976 =	0.-ptas.
ANO 1976 - 1993 =	1.140.848.-ptas.
ANO 1993 - 1997 =	<u>- 137.297.-ptas.</u>
TOTAL	1.003.551.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

8º.- Que a débeda do monte que se vai conveniar é a seguinte:

- do monte "Comunal de Tamicelas" (OR-2093)	4.186.843.-ptas.
- do monte "Touza" (OR-2020):	<u>1.003.551.-ptas.</u>
TOTAL	5.190.394.-ptas. A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Por todo isto, propoñemos:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "Xeixadelo e Carballeiras".
Elenco: 321555136
Superficie: 372,50 ha.
Pertenza: Veciños de Vilameá.
Termo municipal: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da Comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **5.190.394.-ptas. a favor DA XUNTA DE GALICIA.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Tamicelas" (OR-2093) teña seguintes características:

Nome: "Comunal de Tamicelas".
Elenco: OR-2093
Superficie: 1.038,60 ha.
Pertenza: Tamicelas, Castro e Naveaus.
Termo municipal: Laza.
A restar da conta de gastos: 6.713.270.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 2.016.087.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio do Monte "Touza" (OR-2020) teña as seguintes características:

Nome: "Touza".

Elenco: OR-2020

Superficie: 600,40 ha.

Pertenza: Matama, Retorta e Arcucelos, Carraxo e o Santo.

Termo municipal: Laza.

A restar da conta de gastos: 2.800.004.-ptas.

A restar da conta de ingresos: 1.690.018.-ptas.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 1999
O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,

Asdo.: Plácido Baamonde López.



VISTO E PRACE
O DIRECTOR XERAL

Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de sinatura dun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal en Man Común de Villameá, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "XEIXADELO E CARBALLEIRAS", de 372,50 ha., das que 285 ha. proveñen das 1323,60 ha. que forman o Consorcio OR-2093 do Monte "Comunal de Tamicelas" e 87,50 ha. que constitúen unha parte das 687,90 ha. do consorcio OR-2020 do Monte "Touza", e á vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais de Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, e ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de xuño de 1999

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA



Asdo. Ma Jose Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola súa Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Que se aprobe o Convenio do monte coas seguintes bases:

Nome: "Xeixadelo e Carballeiras".
Elenco. 32155136
Superficie: 372,50 ha.
Pertenza: Veciños de Vilameá.
Termo municipal: Laza.
A contabilizar como subvención: 50%
A contabilizar como anticipo: 50%
Xuro sobre o anticipo: 1%
Participación da comunidade no voo creado: 70%
Participación da Consellería no voo creado: 30%
Saldo inicial do Convenio: **5.190.394.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.**

SEGUNDO.- Que no sucesivo o consorcio "Comunal de Tamicelas" (OR-2093) teña as seguintes características:

Nome: "Comunal de Tamicelas"
Elenco: OR-2093
Superficie: 1.038,60 ha.
Pertenza: Tamicelas, Castro e Naveaus.
Termo municipal: Laza.
A restar da conta de gastos: 6.713.270.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 2.016.087.-ptas.

TERCEIRO.- Que no sucesivo o consorcio do Monte "Touza" (OR-2020) teña as seguintes características:

Nome: "Touza"
Elenco: OR-2020
Superficie: 600,40 ha.
Pertenza: Matama, Retorta e Arcucelos, Carraxo e o Santo.
Termo municipal: Laza.
A restar da conta de gastos: 2.800.004.-ptas.
A restar da conta de ingresos: 1.690.018.-ptas.

Contra a presente Resolución, que agota a vía administrativa, poderase interpoñer, a elección do recorrente, recurso de reposición ante a Consellería de Medio Ambiente no prazo dun mes contado desde o día seguinte ó da recepción da notificación, ou directamente recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a partir do día seguinte ó da recepción da notificación. Transcorrido o prazo de interposición do recurso sen que este fose presentado, esta Resolución será firme para tódolos efectos.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 1999
O CONSELLEIRO
(P.O. DO 12/01/98)
O SECRETARIO XERAL

A circular official stamp of the Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente, with the text "XUNTA DE GALICIA" and "SECRETARIA XERAL DE MEDIO AMBIENTE" around a central coat of arms. Overlaid on the stamp is a large, stylized handwritten signature.

Asdo.: José Luis Abad García-Tuñón.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.

C O N V E N I O

N.º	321	55136
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a 8 de xuño de mil novecentos noventa e nove.

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. RAMON MORGADE PAZOS como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común DE XEIXADELO Y CARBALLEIRAS, segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do AÑO 1.948 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a OS VECIÑOS DE VILLAMEA

e son os que a continuación se describen:

Denominación: XEIXADELO Y CARBALLEIRAS

Termo municipal: LAZA Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN PERTECENTES OS VECIÑOS DE VILLAMEA.

Límites:

N.: MONTE DE CASTRO, NAVEAUS Y TAMICELAS, Y MONTE DE NAVALLO.

S.: TERMINOS DE CIMADEVILLA Y LAZA Y MONTE TOUZA DE SOUTELIÑO.

L.: MONTE LAMA DE MAZAIRA DE CORRECHOUSO Y MONTE LASTREDO DE CIMADEVILLA Y LAZA.

O.: MONTE TOUZA DE CARRAXO Y SOUTELO VERDE, RIO TAMEGA DIVIDIENDO CON TERMINO DE SOUTELO VERDE Y TERMINO DE CASTRO.

Superficie: 372,50 HAS.

Estado forestal: REPOBOACION FORESTAL DE PINUS PINASTER Y PINUS SYLVESTRIS

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: VECIÑOS DE VILLAMEA.

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula:

Sen vexetación arbórea: Servidumes: ALGUNA DE PASO

3ª.- O chan continuará pertencendo a OS VECIÑOS DE VILLAMEA

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR-2020 (87,50 HAS), OR-2093 (285,00HAS)

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o ---- por cento, e a comunidade propietaria, o ----- por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á res-tauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administra tivo, será inscri-ble no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CUARENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se con-signa no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existen-cias que subntentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgun-ha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será PINUS PINASTER,
PINUS SYLVESTRIS E OUTRAS ESPECIES QUE SE CONSIDERE OPTIMA PARA OS MONTES

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don VICENTE DAVID ALONSO FERNANDEZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común

veciños de Villamea, no concello de LAZA

RAMÓN MORGADE PAZOS

2.—Que, así mesmo, figura Don MIGUEL CAMPOS AMADO, e Don MIGUEL CAMPOS AMADO, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, deica

dende 18 decembro 1994 ata o 18 decembro 1998.

en Ourense,

E para que conste, expido a presente certificación

a 1 de abril de 1999



Don MIGUEL CAMPOS AMADO, Secretario de LA COMUNIDAD DE MONTES DE VILLAMEA

CERTIFICO : Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 19 DE NOVIEMBRE DE 1.997 estando designado Don RAMON MORGADE PAZOS representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en VILLAMEA (LAZA)

a ONCE de DECEMBRO de mil novecientos noventa e SETE.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo. : RAMON MORGADE PAZOS



Asdo. : MIGUEL CAMPOS AMADO

Don TOMAS FERNANDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Ramon Morgade

Pola propiedade,

Pola Consellería de Medio Ambiente,

O CONSELLEIRO P.D. (ORDE DO 12-01-98) O SECRETARIO XERAL

ASDO. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ

Asdo. : José Luis Abad García - Tuñón